| Guía Docente | | | |
|---|---|---|---|
| **Datos Identificativos** | | | **2013/14** |
| **Asignatura (*)** | Traballo Fin de Mestrado | **Código** | 613484035 |
| **Titulación** | | | |

| Descriptores | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Ciclo** | **Período** | **Curso** | **Tipo** | **Créditos** |
| Mestrado Oficial | 2º cuadrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 6 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Idioma** | CastelánGalego | | |
| **Prerrequisitos** | | | |
| **Departamento** | Filoloxía Española e LatinaGalego-Portugués, Francés e Lingüística | | |
| **Coordinación** | Tato Garcia, Cleofe | **Correo electrónico** | cleofe.tato@udc.es |
| **Profesorado** | Eirin García, Leticia<br>Pena Sueiro, Nieves<br>Tato Fontaiña, Laura<br>Tato Garcia, Cleofe | **Correo electrónico** | leticia.eirin@udc.es<br>nieves.pena.sueiro@udc.es<br>laura.tato@udc.es<br>cleofe.tato@udc.es |
| **Web** | www.udc.es/filo/ | | |
| **Descrición xeral** | O traballo fin de mestrado culmina a aprendizaxe no ámbito da investigación; o estudante, aplicando os saberes, ferramentas e destrezas adquiridas nas materias cursadas, dará proba da súa capacidade para a investigación. O traballo será realizado de forma individual polo estudante baixo a supervisión dun profesor titor o de dous, que levarán a cabo a tutela coordinadamente. | | |

| Competencias da titulación | |
|---|---|
| **Código** | **Competencias da titulación** |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| **Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)** | **Competencias da titulación** | | |
| Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes.<br>Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma.<br>Integrar os estudos literarios nun contexto cultural máis extenso que transcenda os límites dunha soa lingua e / ou nación, atendendo á diversidade cultural.<br>Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cinema, as artes, no marco da diversidade cultural.<br>Adquirir as habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación.<br>Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos anglófono, hispánico e galego-portugués.<br>Adquirir a capacidade de manexar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais.<br>Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico.<br>Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva. | AM1<br>AM2<br>AM6<br>AM7<br>AM8<br>AM11<br>AM13 | BM7<br>BM9 | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais.<br>Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos.<br>Aplicar as técnicas de análise cultural respectando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos.<br>Integrar os estudos literarios nun contexto cultural máis extenso que transcenda os límites dunha soa lingua e / ou nación, atendendo á diversidade cultural.<br>Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cinema, as artes, no marco da diversidade cultural.<br>Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais.<br>Ser capaz de realizar achegas creativas e orixinais no estudo comparatista dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais.<br>Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos.<br>Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos.<br>Integrar coñecementos de campos de estudo diversos.<br>Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos ou non familiares en contextos interdisciplinares.<br>Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador.<br>Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.<br>Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. | AM3<br>AM4<br>AM5<br>AM6<br>AM7<br>AM8<br>AM9<br>AM10<br>AM11 | BM1<br>BM4<br>BM5<br>BM6<br>BM8 | CM1<br>CM3 |
| Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.<br>Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.<br>Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. | | | CM4<br>CM6<br>CM8 |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| O profesorado do mestrado ofertará diversas liñas de investigación, de entre as que os alumnos poden elixir. Un profesor só pode tutelar como máximo a tres estudantes, de maneira que, de solicitar catro ou máis alumnos un mesmo titor, procederase á escolla atendendo ao expediente e currículum dos estudantes. | O alumno, de acordo co titor, poderá precisar a liña de investigación enfocando a súa pescuda cara un ámbito temático, xénero, autor, aspecto... |

| Planificación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Horas presenciais** | **Horas non presenciais / traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Traballos tutelados | 0 | 130 | 130 |
| Atención personalizada | 20 | 0 | 20 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |

| | |
|---|---|
| Traballos tutelados | O alumno traballará autonomamente, mais sempre baixo a tutela do seu titor, quen orientará e dirixirá a súa investigación; o estudante, xa que logo, ha de manter de maneira regular contacto co seu titor, a quen corresponde dar e prace para que o traballo poida ser defendido públicamente. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Traballos tutelados | O estudante acudirá ao despacho do profesor tantas veces como precise ou cando sea requerido polo titor, pois este é quen supervisa o avance do traballo, comentando e corrixindo tanto os aspectos formais (desde a expresión ata a organización) como os referidos os contidos e á metodoloxía; a el corresponde, en definitiva, a responsabilidade de dar o visto e prace para inscripción e a presentación do traballo fin de mestrado. |

| Avaliación | | |
|---|---|---|
| Metodoloxías | Descrición | Cualificación |
| Traballos tutelados | Dentro das liñas de investigación que se oferten, o alumno poderá escoller aquela que máis lle interese, o cal o ligará tamén a un determinado titor.<br>Xa que o estudante se esta a iniciar na investigación é fundamental o labor titorial do profesor, quen deberá orientar o alumno nas distitnas fases de elaboración do traballo fin de mestrado, desde o plantexamento do proxecto inicial ata a súa conformación final, proporcionándolle a axuda que precisar en cada momento. | 100 |

| Observacións avaliación |
|---|
| O traballo fin de mestrado só pode ser presentado públicamente se o estudante supera todas as materias do mestrado. Presentarase, nun acto público, diante dun tribunal que estará composto por tres membros.<br>O estudante ha de axustarse as pautas que se estabelezan para a presentación do traballo fin de mestrado, tanto no que toca á presentación escrita (estructura, extensión, formato...) como a súa defensa pública; detallaranse estas indicacións coa suficiente antelación. |

| Fontes de información | |
|---|---|
| Bibliografía básica | |
| Bibliografía complementaria | |

| Recomendacións |
|---|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |
| |
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| |
| Materias que continúan o temario |
| |
| Observacións |
| |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**